

Primaria

Plástica 1

Programación

Trimestre 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais.
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Segundo trimestre

Descrición da unidade

Seguindo a pauta establecida no trimestre anterior, continúaase coa indagación e o coñecemento de obras e autores alternando momentos históricos e estilos artísticos. Xunto a iso, trabállase coa investigación da mestura das cores primarias, a observación das liñas e as figuras xeométricas, o uso das manchas de cor con ceras brandas, constrúese un crebacabezas, un cuño, un volume con material reciclado e créase unha *colaxe*. En cada actividade estará sempre presente a necesidade de dar un bo uso aos materiais cos que se traballa e de respectar o espazo onde ten lugar a clase de Plástica. Especificanse, a continuación, algúns dos contidos que se traballan no segundo trimestre:

- O coñecemento dunha cor secundaria (laranja) e repaso das cores primarias.
- A elaboración de debuxos incompletos, tendo en conta unha pauta.
- A realización dun crebacabezas.
- A elaboración dunha *colaxe* con material reciclado.
- A observación de diferentes maneiras de presentar o espazo.
- A organización progresiva para a elaboración dunha obra plástica con témperas.

Temporalización

Dende xaneiro ata marzo.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Coñecer animais diferentes: esquema básico, forma, cor e textura.
- Apreciar características propias das estacións do ano, concretamente do inverno.
- Comprender e representar a paisaxe urbana con referencia á vivenda.
- Manexar as formas xeométricas na composición.
- Desenvolver destrezas en novas técnicas plásticas: debuxo a base de manchas de cor.
- Aproveitar o material reciclable e recrear os elementos do contorno.
- Coñecer o patrimonio artístico e potenciar a observación dunha obra ao compoñer un crebacabezas.
- Realizar composicións tridimensionais con motivo das festas e as conmemoracións.
- Coñecer os tipos de composición pictórica: bodegón.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das imaxes presentes nunha paisaxe invernal. • Experimentación con diferentes tipos de liñas: curva, recta e quebrada. • Observación dunha cor secundaria: o laranxa. • Exploración dos elementos plásticos do medio artificial presentes nos edificios e o mobiliario urbano. • Observación de elementos do medio natural: animais e froitas. • Experimentación das posibilidades expresivas do trazo para a creación de animais. • Exploración sensorial das calidades e as posibilidades dos materiais. • Comunicación oral das impresións que xera a obra artística <i>A galiña cega</i>. • Identificación de Francisco de Goya e de Piet Mondrian como nomes significativos da profesión artística. • Manipulación e transformación de obxectos para un uso artístico. • Construción de figuras con pezas acuñadas e recortadas. 	1. Recoñecer a representación dun medio natural: a paisaxe invernal.	1.1. Describe as calidades dunha imaxe invernal.
	2. Identificar os diferentes tipos de liñas.	2.1. Identifica os diferentes tipos de liñas para a realización dun debuxo.
	3. Manexar e utilizar as cores primarias e o laranxa como cor secundaria.	3.1. Identifica as cores primarias e unha cor secundaria: o laranxa.
	4. Identificar as representacións dun medio artificial (mobiliario urbano e edificios) e dun medio natural (animais e froitas).	4.1. Describe as calidades e as características dun medio artificial (edificios e mobiliario urbano) e dun medio natural (animais e froitas).
	5. Utilizar o debuxo como un medio de expresión.	5.1. Utiliza o debuxo como medio de expresión.
	6. Recoñecer e diferenciar a expresividade dos diferentes materiais usados.	6.1. Recoñece e utiliza os materiais presentados (lapis, rotuladores, ceras brandas, témperas, papeis de cores e material reciclado).
	7. Expresar oralmente as sensacións ante unha obra artística <i>A galiña cega</i> .	7.1. Describe oralmente o que sente ou pensa sobre a obra artística <i>A galiña cega</i> , utilizando o vocabulario aprendido. 7.2. Identifica a Francisco de Goya como un grande artista.
	8. Recoñecer as formas básicas na obra <i>Composición II, en Vermello, Azul e Amarelo</i> de Piet Mondrian.	8.1. Distingue, nomea e debuxa as formas básicas. 8.2. Recoñece en Piet Mondrian un nome significativo da profesión artística.

	9. Coñecer diferentes materiais para a creación dunha expresión plástica.	9.1. Usa e experimenta con diferentes tipos de materiais para crear as súas propias obras plásticas.
	10. Respetar os materiais, os utensilios e os espazos.	10.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.
	11. Realizar obras plásticas sinxelas coas técnicas utilizadas en clase (colaxe, esculturas, cuños, crebacabezas e máscaras).	11.1. Elabora unha máscara, unha figura con pezas acuñadas, unha colaxe e outros obxectos utilizando as ferramentas básicas (recortar, pegar, uso da témpera e do pincel, manchas de cor e recheo). 11.2. Observa as características dos materiais para a realización dunha obra con material reciclado.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as calidades dunha imaxe invernal.	<ul style="list-style-type: none"> Composición dunha paisaxe invernal coa situación dos elementos buscando a harmonía compositiva.
2.1. Identifica os diferentes tipos de liñas para a realización dun debuxo.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxo de pezas de vestir.
3.1. Identifica as cores primarias e unha cor secundaria: o laranxa.	<ul style="list-style-type: none"> Coloreado con dúas cores primarias e a correspondente secundaria, resultante da mestura.
4.1. Describe as calidades e as características dun medio artificial (edificios e mobiliario urbano) e dun medio natural (animais e froitas).	<ul style="list-style-type: none"> Representación dun medio urbano e dos elementos do mundo natural (animais e froitas).
5.1. Utiliza o debuxo como medio de expresión.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxo de animais con manchas de ceras brandas.
6.1. Recoñece e utiliza os materiais presentados (lapis, rotuladores, ceras brandas, témperas, papeis de cores e material reciclado).	<ul style="list-style-type: none"> Composición de cadros con técnica mixta.
7.1. Describe oralmente o que sente ou pensa sobre a obra artística <i>A galiña cega</i> , utilizando o vocabulario aprendido. 7.2. Identifica a Francisco de Goya como un grande artista.	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun crebacabezas que induce á observación detallada dunha obra de arte do patrimonio cultural. Identificación de Francisco de Goya como un dos pintores españois máis representativos.
8.1. Distingue, nomea e debuxa as formas básicas. 8.2. Recoñece en Piet Mondrian un nome significativo da profesión artística.	<ul style="list-style-type: none"> Composición coas formas xeométricas básicas e as cores primarias. Identificación de Piet Mondrian como un grande artista non figurativo.
9.1. Usa e experimenta con diferentes tipos de materiais para crear as súas propias obras plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> Colaxe creativa con diversos materiais.

10.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.	<ul style="list-style-type: none">• Respecto e coidado do espazo e dos materiais en todas e cada unha das actividades.
11.1. Elabora unha máscara, unha figura con pezas acuñadas, unha colaxe e outros obxectos utilizando as ferramentas básicas (recortar, pegar, uso das témperas e do pincel, manchas de cor e recheo).	<ul style="list-style-type: none">• Construcións tridimensionais con pezas acuñadas e recortadas: cartel para a paz e máscara de carnaval.
11.2. Observa as características dos materiais para a realización dunha obra con material reciclado.	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración dunha escultura con material reciclable.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre obras do patrimonio artístico.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas xeométricas con carácter creativo.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Aproveita materiais reciclables, comprende costumes doutra época e valora a creatividade en motivos relacionados coas festas.
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, a compartir ideas creativas e a considerar a paz como un valor fundamental.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con	Coñece e valora o patrimonio cultural.

	sentido estético.	Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.
--	-------------------	--

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Programacións (PR) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Compoñemos unha paisaxe.

- Apreciamos as características do inverno (LA).
- Compoñemos unha paisaxe mediante recortado e pegado de pezas sobre unha base (LA).

Tarefa 2: Traballamos a cor.

- Repasamos dúas cores primarias e coñecemos a secundaria resultante da mestura. Aplicamos os tres a obxectos (LA).
- Realizamos unha composición xeométrica coas cores primarias (LA).
- Utilizamos variedade de cor ao realizar un bodegón de froitas (LA).

Tarefa 3: Representamos animais.

- Debuxamos animais a partir de formas esquemáticas (LA).
- Apreciamos unha técnica nova: o debuxo con manchas (LA).

Tarefa 4: Utilizamos as formas xeométricas.

- Coñecemos formas xeométricas planas (LA).
- Recortamos formas rectangulares para compoñer un crebacabezas (LA).
- Manexamos formas cilíndricas de material reciclable (LA).

Tarefa 5: Realizamos actividades relacionadas coa sociedade.

- Realizamos unha actividade sobre o día da paz (LA).
- Construimos unha máscara de carnaval (LA).
- Realizamos unha actividade relativa ao aniversario (LA).

Tarefa 6: Coñecemos o patrimonio artístico.

- Realizamos un crebacabezas sobre un cadro de Francisco de Goya (LA).
- Elaboramos un cadro estilo Mondrian (LA).

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade que se vai realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o resultado das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo do grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.

- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.

8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades recomendadas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, díana... (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?